

Traballo de Historia oral

M^a Pilar Babio Rocha

Lucía Temprano

M^a Pilar Babio Rocha.

67 anos.

Naceu en Montrove (Oleiros).

18/05/1939.

Actualmente vive en Montrove (Oleiros).



No día da súa voda.

A casa de M^a Pilar, antigamente, era de pedra, de tamaño mediano e con dúas partes. Na parte alta estaban os dormitorios onde durmían ela, os seus irmáns e os seus pais. Na parte de embaixo, estaban as cuadras para os animais e a cociña. Nas cortes tiñan diferentes animais como vacas das que podían obter leite diariamente, cerdos dos que cando había a matanza obtíñan carne e chourizos e un burro. Antigamente o non haber cuarto de baño, tiñan que facer as súas necesidades na heira (parte de atrás da casa).

Ademais, axudaba aos seus pais nas labores do campo, recollendo herba para o gando, dandolle de comer aos animais, ou ben recollendoos cara as cortes.

Cando o pasaba ben, era cando ía cos seus primos a recoller herba a unhas fincas dos pais, que non estaban moi lonxe da casa e donde xogaban entre a herba ao escondite.

Durante os anos 1940 – 1950, M^a Pilar ía ao colexio “ Das Pedras “ xunto cos seus irmáns e veciños da zona onde la vivía.

Naquela época frecuentemente estaba enferma e non podía ir ao colexio, e por eso so ía quince días no mes.

Para poder estudar, soamente tiñan unha enciclopedia e unha pizarra coa que podían escribir, xa que naquela época non había moito papel e se o había era moi caro e non se podía costear. Tampouco había bolígrafos e rotuladores e enton utilizaban a pizarra na que podían borrar.

Para poder ir ao colexio, ela, os seus irmáns e os veciños, ían por un camiño situado ao lado donde agora esta “ O Pazo do Río “.

Os días que chovía, para non mollarse, collían uns sacos, abríanos pola metade e cubríanse con eles e así cegaban secos e non collían tantos resfriados.

Os domingos, toda a súa familia ían a misa xa que eran católicos e todos os días que houbera acudían a ela.

Sufriu a época da censura e enton non podían levar nin minifaldas nin escotes porque todo estaba moi mal visto.

Enton, todas as mulleres tiñan que ir vestidas con saia larga, medias, camisetas de manga longa e un velo. Ademais para rezar tiñan que levar un libro o misal.

O lugar onde se celebraba a misa non lles quedaba moi lonxe da súa casa enton ían camiñando, as veces con veciños. A igrexa a que acudían era a de “ Lians “ aínda que cerca da súa casa había unha pero era pequena, demasiado fría e vella.

Durante os anos que durou a guerra (1936/1939) o seu pai quedou coa súa familia xa que non quería saber nada diso e ademais durante esa época e posteriormente naceron algúns dos seus fillos.

O seu avó tampouco acudiu, xa que tampouco quería saber nada e non pertencía a ningún bando.

Dende a súa infancia e mesmo agora mantén moi boa relación cunha amiga, Carmen, a súa íntima amiga e da que ten moi bos recordos. Carmen vive cerca da casa de Pilar e fixéronse moi boas amigas xa que ían xuntas ao colexio e xogaban nos seus tempos libres. Hoxe en día, van dar paseos, tomar un café... Tamén, as dúas son moi aficionadas o fútbol e cada vez que poden ir ao campo de fútbol do Montrove acuden a el xa que son socias dende hai moitos anos.

Na actualidade, vive ela soa xa que quedou viuda hai trinta anos.

Ten dous irmáns, os demais faleceron por enfermidade ou de accidente. Agora mesmo ten moi boa relación cos dous pero sobre todo con Ofelia, que vive a poucos metros da súa casa e a que visita frecuentemente.

Tamén ten moi boa relación con todos os seus sobriños e cos veciños xa que é moi boa persoa.

Na actualidade tamén lle gustaría visitar aos seus sobriños que están no Brasil e que fai moitos anos que non os ve pero siguen contacto telefónico case todas as semanas.

